



Barómetro da cultura galega 2025

DOI: 10.17075/bcg.07.2025

1. Introducción e metodoloxía

Co paso das edicións, o *Barómetro da cultura galega* consolídase como unha ferramenta de análise e seguimento do estado e a evolución do sector cultural en Galicia. Con datos proporcionados por empresas, profesionais, administracións públicas e entidades culturais do terceiro sector, este estudo avalía o estado de saúde da cultura como un dos motores económicos de Galicia, dando conta de indicadores tan relevantes como a evolución no último ano e as expectativas para o novo exercicio en materia de

recursos económicos (facturación, orzamento), emprego (volume de persoal e custos laborais), prezo de insumos e mercadorías, nivel de actividade (producción e demanda), etc. Ao tempo, o estudo inclúe tamén indicadores sobre outros importantes aspectos con incidencia no sector. É o caso da realización de investimentos e o acceso a subvencións por parte das empresas e demais entidades, as súas iniciativas de internacionalización da actividade e o alcance conseguido, a valoración que lles merece o apoio das distintas administracións públicas ou cuestións relativas ao equipo humano (como, por exemplo, o grao de dificultade para atopar os perfís requiridos).

O *Barómetro* proporciona unha visión detallada do impacto económico, social e tecnolóxico do ámbito cultural e permite identificar as fortalezas, debilidades e oportunidades de desenvolvemento do sector. Pretende, por tanto, ser un instrumento útil para a toma de decisións estratégicas para as empresas, profesionais autónomos, administracións e entidades sen ánimo de lucro que operan no sector.

O universo de estudo do *Barómetro* está constituído polas entidades empresariais, as administracións públicas e o tecido asociativo do sector cultural galego, e ten en conta diversos subsectores. Para asegurar que todos eles tivesen unha representación estatisticamente significativa, deseñouse unha mostra ponderada na que se garantiu un número mínimo de unidades para cada subsector. Posteriormente, este número foi axustado ao seu peso real en función do valor de produción recollido na conta satélite da cultura galega tras aplicar as ponderacións pertinentes¹.

Ademais, co obxectivo de manter unha maior fidelidade deste estudo lonxitudinal, en cada edición procúrase manter a colaboración do maior número posible de participantes nas enquisas dos anos anteriores. Nesta edición contouse cunha taxa de repetición do 90,1% con respecto ao *Barómetro* do ano pasado. A recollida de datos estendeuse entre o 20 de xaneiro e o 28 de febreiro e proporcionou unha matriz de 976 casos.

¹ Pódese consultar unha descrición mais detallada do deseño da mostra en https://conseilodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Barometro-da-cultura-galega-2022.pdf

Atendendo á actividade específica² e unha vez ponderada a mostra, identifícanse tres segmentos que destacan polo seu peso: o ámbito da arquitectura, publicidade e deseño (16,2%), o das artes visuais (15,3%) e o do audiovisual e actividades relacionadas (15,1%). Tamén acadan o 10% as entidades dedicadas á educación cultural (10,4%), así como á edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas (10%).

Tras estes cinco segmentos máis destacados, sitúanse as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (9%), ás artes gráficas e actividades relacionadas (5%) e os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (4,9%). Os restantes catro segmentos desta clasificación da mostra en función da actividade específica das entidades presentan pesos porcentuais entre o 3,2% e o 3,8%.

Entidades segundo actividade específica

	Porcentaxe
Arquitectura, publicidade, deseño	16,2
Artes visuais (pintura, escultura, fotografía...)	15,3
Audiovisual e actividades relacionadas	15,1
Educación cultural	10,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	10,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	9,0
Artes gráficas e actividades relacionadas	5,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,9
Música	3,8
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,5
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,2

Fonte: Elaboración propia

² Nesta edición introdúcense dúas categorías adicionais nesta variable que proveñen da desagregación dunha categoría que as englobaba. A categoría que se chamaba “Artes visuais” agora divídese en “Arquitectura, publicidade, deseño”, por unha parte, e “Artes visuais (pintura, escultura, fotografía,...)”, por outra. Así mesmo, muda o nome da categoría que aglutinaba a actividade de promoción ou regulación das administracións públicas, que recolle principalmente os departamentos de cultura e afíns de todos os niveis administrativos.

En función do tipo de entidade, a mostra componse nun 54,3% de empresas, nun 17,2% de profesionais autónomos, nun 16,2% de órganos das administracións públicas³ e nun 12,3% de entidades sen ánimo de lucro.

Entidades segundo o tipo de organización

	Porcentaxe
Empresa	54,3
Profesional autónomo	17,2
Administración pública	16,2
Entidade sen ánimo de lucro	12,3

Fonte: Elaboración propia

O 36% da mostra está constituída por entidades cunha facturación (ou un orzamento, en caso das entidades non empresariais) de menos de 50.000 euros. Esa porcentaxe vaise reducindo conforme se presta atención a tramos de maiores contías: o 26,8% conta cunha facturación ou orzamento de entre 50.000 e 149.999 euros o 22,7% con entre 150.000 e 499.999 euros e o 13,7% con 500.000 euros ou máis. Só o 0,8% restante omitiu esta información no estudo. Deste xeito, a mostra constata un claro predominio de empresas e entidades de pequeno tamaño, de forma coherente coa realidade do conxunto do sector cultural galego.

Entidades segundo facturación ou orzamento en 2024

	Porcentaxe
Menos de 50.000 €	36,0
De 50.000 a 149.999 €	26,8
De 150.000 a 499.999 €	22,7
500.000 € ou máis	13,7
Ns/Nc	0,8

Fonte: Elaboración propia

O tramo máis nutrido da clasificación por tamaño do cadro de persoal de empresas, profesionais autónomos/as ou administracións públicas sitúase entre 1 e 2 profesionais (43,2%). Como ocorre coa facturación ou orzamento, esa porcentaxe redúcese progresivamente nos seguintes tramos, que describen cadros de persoal cada vez maiores. Deste xeito, o 23,6% destas entidades ten entre 3 e 5 empregados/as, o 11,4% da mostra indica

³ Nesta categoría atópanse todas as entidades que dependen directamente das administracións públicas, ademais das actividades de regulación daquelas, como bibliotecas, arquivos e museos públicos, etc.

ter entre o 6% e o 10% e o 17,5% respondeu que contaban con máis de 10 persoas empregadas. Do total, tan só o 0,7% restante non respondeu a esta cuestión. Por último, cabe sinalar que un 3,6% das entidades sen ánimo de lucro (asociacións e fundacións) conta exclusivamente con persoal voluntario, polo que non está vinculado laboralmente con elas.

Entidades segundo número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024

	Porcentaxe
Ningún, só persoal voluntario	3,6
1 ou 2 empregados/as	43,2
De 3 a 5 empregados/as	23,6
De 6 a 10 empregados/as	11,4
Máis de 10 empregados/as	17,5
Ns/Nc	0,7

Fonte: Elaboración propia

Estas variables, que describen ou caracterizan a mostra nos seus trazos máis salientables, serán empregadas como variables de cruzamento ou explicativas na explotación estatística do resto das que compoñen o estudo. Procúrase deste xeito facer unha análise que explore as posibles diferenzas entre segmentos, establecidos en función da actividade desempeñada, do tipo de entidade do que se trate, do seu nivel de facturación ou do seu volume de persoal.

Para validar a comparación, emprégase o estatístico “anova” na análise segmentada de variables cuantitativas e a técnica de “khi cadrado” na das variables de tipo categórica de forma que, polo xeral, só se comentarán aquelas segmentacións que resulten estatisticamente significativas en función dos parámetros establecidos por estas probas. Existen casos nos que será relevante comentar algunha segmentación que non cumpra eses parámetros e indícase expresamente tal circunstancia.

2. Perspectiva xeral da evolución en 2024 e expectativas para 2025

As persoas que responden polas entidades culturais teñen unha percepción notablemente máis positiva da evolución da súa entidade que da economía en xeral ou do sector cultural nos seus distintos niveis. Este é un comportamento que se repite ano tras ano.

Neste sentido, o 27,2% das persoas enquisadas considera que en 2024 a situación da economía en xeral foi mellor ou moito mellor que en 2023, mentres que a porcentaxe se sitúa no 23,7% no que respecta ao sector cultural en xeral para subir ata o 28,2% no relativo ao sector específico de actividade. Estes valores, que difiren entre si en só 4,5 puntos, contrastan de forma clara co 37% de respostas que afirman que a súa propia entidade tivo unha evolución en 2024 mellor ou moito mellor que a experimentada en 2023.

O mesmo se aprecia ao atender ás categorías de resposta máis negativas, segundo as cales en 2024 a economía en xeral foi peor ou moito peor que no ano anterior para o 36% das persoas entrevistadas. Esta percepción negativa baixa ata o 25% no caso do sector cultural en xeral para subir de novo ata o 30,1% no do sector específico de actividade, en claro contraste co 22,2% de respostas que xulgan de xeito negativo a evolución da propia entidade.

Porcentaxe de entidades segundo a valoración da evolución de cada un dos seguintes factores en 2024 con respecto a 2023

	Moito peor	Peor	Igual	Mellor	Moito mellor	Ns/Nc
A economía en xeral	3,3	32,7	35,1	26,7	0,5	1,7
O sector cultural en xeral	1,8	23,2	48,5	23,2	0,5	2,9
O seu sector de actividade	3,5	26,6	40,0	26,8	1,4	1,6
A súa entidade	2,9	19,3	39,0	33,5	3,5	1,7

Fonte: Elaboración propia

Esta mellor valoración da evolución nos distintos ámbitos obsérvase con maior claridade con puntuacións dunha escala do 1 ao 5. Con esta análise, as entidades puntúan cun 3,16 a evolución da súa entidade durante 2024, mentres que presentan valores entre o 2,88 e o 2,97 nos tres ámbitos restantes.

Valoración da evolución do ano rematado con respecto ao ano anterior (escala 1-5)

	2021	2022	2023	2024
A economía en xeral	3,06	3,00	2,82	2,88
O sector cultural en xeral	2,98	3,31	3,06	2,97
O seu sector de actividade	3,15	3,27	3,05	2,96
A súa entidade	3,25	3,39	3,24	3,16

Fonte: Elaboración propia

.....

Nesta nova edición do *Barómetro* dispónse xa dunha serie de catro anos coa que coñecer a evolución no tempo destes indicadores. Na dita serie, a evolución da propia entidade rexistra para 2024 o valor máis baixo dende o inicio e queda a 0,23 puntos do máis alto, acadado en 2022 (3,39 sobre 5).

Tamén se mantén a tendencia á baixa na valoración da evolución do sector cultural en xeral (cun valor de 2,97, fronte ao 3,31 de 2022) e o sector específico de actividade (co 2,96, fronte ao 3,27 de 2022). En cambio, a valoración da evolución da economía presenta unha lixeira melloría da serie. A puntuación rexistrada en 2024 (2,88) supón unha certa recuperación con respecto ao pasado ano (2,82), aínda que sen acadar o 3,06 ou o 3,00 de 2021 e 2022 respectivamente.

Na análise segundo a actividade específica da entidade, a evolución da economía en xeral só presenta valores por riba do 3 polo segmento do audiovisual (3,11), mentres que a puntuación máis baixa é a que outorgan as artes visuais (2,71) e o comercio de libros e publicacións periódicas (2,76). A puntuación é máis elevada canto maior é o nivel de facturación ou orzamento da entidade e pasa do 2,73 das que non chegan aos 50.000 euros ao 3,12 das que acadan ou superan o medio millón de euros.

No caso da valoración da evolución do sector cultural en xeral, e aínda que as probas de significación non son positivas, aprécianse notables diferenzas en función da segmentación por actividade específica. Así, o valor máis alto rexístrase entre os departamentos de cultura das administracións (3,35), mentres que os valores máis baixos son os achegados polos segmentos dedicados ao libro e ás publicacións periódicas (tanto comercio como edición), así como a do teatro, danza e outros espectáculos escénicos (os tres con valores na orde de 2,8 sobre 5). Como ocorre no caso da economía en xeral, a percepción da evolución do sector cultural en xeral é máis positiva canto maior é o nivel económico da entidade, xa que pasa dos 2,83 puntos do tramo máis baixo aos 3,21 do máis alto. Ademais, neste caso é significativo tamén canto maior é o seu volume de persoal: 2,76 puntos nas entidades con só persoal voluntario ata os 3,14 das que teñen máis de 10 empregados/as.

Ao igual que ocorre coa valoración sobre o sector cultural en xeral, a evolución no pasado ano do sector específico de actividade volve obter a

.....

súa mellor puntuación entre os departamentos de cultura das administracións (3,27), seguida de preto polo ámbito da arquitectura, publicidade e deseño. Os valores máis baixos volven rexistrarse nos segmentos das artes visuais (2,65), así como do comercio de libros e publicacións periódicas e da edición (os dous con puntuacións na orde dos 2,7 puntos). Esa evolución do sector de actividade específica é tamén mellor puntuada canto maior é o volume de facturación ou orzamento da entidade, pasa neste caso de 2,76 puntos do segmento máis baixo a 3,21 do máis alto.

Por último, as puntuacións da evolución da propia entidade durante o ano anterior rexistran valores por riba do 3 na maior parte dos segmentos nos distintos cruzamentos realizados para a análise (por actividade específica, tipo de entidade, facturación/orzamento e volume de persoal). Por actividade específica, as valoracións máis altas son as que ofrecen os museos e actividades relacionadas (3,46) e as entidades dedicadas á educación cultural (3,38). As puntuacións máis baixas, e as únicas do cruzamento por debaixo do 3, son as que se observan entre as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (2,84) e ás artes visuais (2,87). Tal e como sucede coas tres variables anteriores, a evolución da propia entidade no pasado ano tamén é mellor puntuada canto máis grande é a facturación ou orzamento desta. Neste caso, a valoración oscila entre os 2,97 puntos do segmento que non chega aos 50.000 euros ata valores por riba de 3 sobre 5 nos tres niveis restantes, sendo a máis alta a dos 3,36 puntos das entidades que acadan ou superan os 500.000 euros de facturación ou orzamento.

Existe un elemento común ás catro variables que cómpre sinalar: o empresariado autónomo obtén as puntuacións máis baixas sobre a evolución durante 2024, con valores que van dos 2,63 puntos para a economía en xeral ata os 2,92 para a evolución da súa propia actividade.

No caso da economía en xeral, a mellor puntuación do cruzamento é a outorgada polas as empresas (2,96), mentres que os valores máis altos, no que respecta á evolución do sector cultural en xeral, do específico e da evolución da propia entidade, se atopan todos nos organismos da Administración pública, con 3,13, 3,12 e 3,36 puntos, respectivamente.



Valoración media da evolución de cada un dos seguintes factores en 2024 con respecto a 2023 (escala 1-5)

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O seu sector de actividade	A súa entidade
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,98	3,02	3,06	3,25
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,76	2,83	2,77	2,84
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,94	2,86	2,70	3,03
Audiovisual e actividades relacionadas	3,11	3,02	3,04	3,18
Artes visuais	2,71	2,94	2,65	2,87
Arquitectura, publicidade, deseño	2,86	2,94	3,22	3,33
Música	2,87	3,08	2,97	3,23
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,87	2,84	2,79	3,07
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,90	3,09	3,20	3,46
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,83	2,95	2,92	3,24
Educación cultural	2,84	3,04	3,08	3,38
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	2,93	3,35	3,27	3,32
Total	2,88	2,97	2,96	3,16
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	2,96	3,00	3,02	3,14
Profesional autónomo	2,63	2,75	2,69	2,92
Administración pública	2,88	3,13	3,12	3,36
Entidade sen ánimo de lucro	2,91	2,94	2,87	3,30
Total	2,88	2,97	2,96	3,16
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>				
Menos de 50.000 €	2,73	2,83	2,76	2,97
De 50.000 a 149.999 €	2,89	2,99	3,01	3,19
De 150.000 a 499.999 €	2,95	3,03	3,04	3,28
500.000 € ou máis	3,12	3,21	3,21	3,36
Ns/Nc	3,51	3,31	3,89	3,89
Total	2,88	2,97	2,96	3,16
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>				
Ningún, só persoal voluntario	2,80	2,76	2,74	3,26
1 ou 2 empregados/as	2,85	2,89	2,82	2,99
De 3 a 5 empregados/as	2,84	2,99	3,13	3,26
De 6 a 10 empregados/as	2,97	3,09	2,97	3,28
Máis de 10 empregados/as	2,99	3,14	3,12	3,35
Ns/Nc	2,60	2,78	2,72	3,18
Total	2,88	2,97	2,96	3,16

Fonte: Elaboración propia

Na análise das expectativas para 2025, tamén se aprecia unha tendencia cara a un maior optimismo no que respecta á evolución da propia entidade en comparación coa economía xeral, do sector cultural ou do sector específico de actividade cultural.

Aínda que a categoría neutra (que anticipa unha evolución igual que en 2024) é a máis habitual das catro variables, con valores que oscilan entre o 41,1% da propia entidade e o 49,2% do sector cultural en xeral, cómpre atender tanto á agregación das respostas positivas (que suman as opcións “mellor” e “moito mellor”) como das negativas (que aglutinan as opcións “peor” e “moito peor”) para establecer de que lado se decantan as expectativas. Esta agregación mostra un maior optimismo con respecto á evolución prevista para a propia entidade que para o contexto no que actúa.

Así pois, mentres que a agregación de respostas positivas se sitúa entre o 25,6% da economía xeral e o 29,9% do sector específico de actividade, no caso da propia entidade acada o 39,7%. As respostas negativas amosan o reverso desta situación, cun 30,3% das entidades que prevén unha evolución peor ou moito peor da economía en 2025 e valores do 21,3% e do 22,6% no caso do sector cultural xeral e do específico de actividade. Algo menor é a porcentaxe das entidades que prevén para si mesmas unha evolución negativa (16,8%).

En conclusión, compróbase como, no que respecta ao saldo entre as expectativas positivas e as negativas para o ano 2025, a perspectiva é negativa no caso da economía en xeral pero positiva en relación co sector cultural e, especialmente, no relativo á evolución da propia entidade.

Porcentaxe de entidades segundo as expectativas para 2025, respecto a 2024, de cada un dos seguintes factores

	Moito peor	Peor	Igual	Mellor	Moito mellor	Ns/Nc
A economía en xeral	2,5	27,9	41,3	24,7	0,8	2,8
O sector cultural en xeral	1,2	20,1	49,2	26,2	0,7	2,6
O seu sector de actividade	1,9	20,7	44,6	28,6	1,2	2,9
A súa entidade	1,5	15,3	41,1	37,3	2,4	2,5

Fonte: Elaboración propia

De forma coherente, a análise destas categorías de resposta como escala do 1 ao 5 ofrece o seu valor máis baixo na expresión das expectativas con respecto á economía en xeral (2,93), mentres que supera os 3 puntos de valoración nos restantes eidos, correspondendo a máis elevada á da evolución esperada para a propia entidade (3,24). En todo caso, nos catro ámbitos obsérvanse expectativas menos optimistas para 2025 que as expresa-

das para o ano seguinte en cada unha das anteriores edicións do *Barómetro*. Constátase, en consecuencia, unha progresiva rebaixa das expectativas dende 2022, se ben cabe salientar que, nesa edición, as respostas estaban condicionadas pola recuperación da actividade cultural tras a pandemia da COVID-19.

Valoración media das expectativas de cada un dos seguintes factores (escala 1-5)

	2022	2023	2024	2025
A economía en xeral	3,3	2,97	2,96	2,93
O sector cultural en xeral	3,6	3,23	3,15	3,05
O seu sector de actividade	3,5	3,25	3,14	3,07
A súa entidade	3,6	3,38	3,29	3,24

Fonte: Elaboración propia

Esta percepción dunha desaceleración das expectativas económicas a un ano vista tamén se observa ao comparar as perspectivas expresadas en 2023 con respecto a 2024 e a valoración da evolución real dese ano realizada á súa conclusión. Nos catro segmentos analizados rexístranse lixeiras caídas entre 0,08 e 0,18 puntos.

Comparación entre as expectativas de cara a 2024 expresadas na anterior edición e a valoración da evolución real constatada (escala 1-5)

	Expectativa 2024	Valoración 2024
A economía en xeral	2,96	2,88
O sector cultural en xeral	3,15	2,97
O seu sector de actividade	3,14	2,96
A súa entidade	3,29	3,16

Fonte: Elaboración propia

Máis alá das probas estatísticas, que non evidencian unha tendencia clara nas expectativas sobre a economía en xeral para o ano 2025, as segmentacións realizadas si permiten observar algúns trazos interesantes nos datos sobre o sector cultural en xeral, o sector específico de actividade e a propia entidade.

Na análise das expectativas da economía xeral por actividade específica da entidade, as que realizan actividades de educación cultural e os departamentos de cultura das administracións públicas teñen as puntuacións máis altas (3,08 en ambos casos), mentres que os valores máis baixos correspóndense coas dedicadas á arquitectura, publicidade, deseño (2,71). Por tipo de entidade, os valores menos optimistas volven rexistrarse entre os autónomos, que valoran as expectativas da economía xeral con 2,79 puntos, fronte aos 3,06 dos órganos das administracións públicas. Tamén

.....

amosan maiores puntuacións canto maior é a facturación ou orzamento (de 2,88 puntos do tramo máis baixo aos 3,03 do máis alto) e maior o volume de persoal (entre 2,90 para entidades con 1 ou 2 empregados/as e 3,04 para aquelas con 10 ou máis).

Igual que no caso da economía en xeral, a puntuación das expectativas para o sector cultural obtén o valor máis baixo por tipo de entidade entre os profesionais autónomos (2,86) e, de novo, o máis elevado entre as administracións públicas (3,19). Aínda que sen unha tendencia perfectamente lineal, a puntuación máis pesimista por facturación ou orzamento volve ter lugar entre as entidades do tramo económico máis baixo (2,95), e a máis optimista no tramo máis alto (3,15). Sucede tamén o mesmo cando se cruzan as expectativas co volume de persoal, xa que obteñen 2,97 puntos as entidades con 1 ou 2 empregados/as fronte aos 3,22 puntos das que superan as 10 persoas empregadas.

Aínda que o cruzamento por actividade específica tampouco conta con significación estatística polas probas de khi cadrado, a evolución prevista para o sector cultural en xeral volve obter a súa puntuación máis elevada entre os departamentos de cultura das administracións públicas (3,26). A puntuación máis baixa sitúase entre as entidades dedicadas á arquitectura, publicidade, deseño e, neste caso, tamén entre as dedicadas ás artes gráficas (valores na orde de 2,9 sobre 5 en ambos casos). O sector específico de actividade tamén obtén mellores valoracións nas súas expectativas canto maior é a facturación ou orzamento co que se conta (pasando de 2,96 das entidades do tramo económico máis baixo a 3,25 do máis alto) e canto maior é o volume de persoal, que vai dende 2,92 puntos para entidades con 1 ou 2 empregados/as ata 3,27 naquelas con máis de 10.

Na análise da evolución prevista para o sector de actividade das persoas enquisadas, as segmentacións por actividade específica e por tipo de entidade permiten comprobar que os departamentos de cultura das administracións e as entidades da educación cultural figuran novamente entre os segmentos que achegan as puntuacións máis altas. Así pois, xunto cos museos, proporcionan valores entre 3,25 e 3,30 puntos. Polo contrario, as perspectivas máis baixas sobre o sector de actividade propio veñen da man das entidades dedicadas ás artes visuais (2,91) e á edición de libros (2,92). Por forma xurídica, as peores expectativas son as formuladas polos

profesionais autónomos (2,95), fronte a unha valoración de 3,24 das administracións públicas .

No caso das expectativas de cara á evolución das entidades propias das persoas enquisadas, a segmentación por actividade específica recolle os valores máis elevados nos mesmos segmentos que as expectativas sobre o sector de actividade, é dicir, entre as entidades dedicadas á educación cultural, os museos e os departamentos de cultura das administracións, con valores entre 3,38 e 3,50. Neste caso, os valores máis baixos tamén se sitúan por riba dos 3 puntos, e correspóndense co segmento das artes visuais, a edición e o comercio de libros e publicacións periódicas (entre os 3,09 e os 3,17 puntos). Ao igual que sucede nos tres eidos anteriores, na análise por tipo de entidade, o valor máis baixo é o que se recolle entre os profesionais autónomos (3,12), fronte a 3,38 e 3,37 puntos das administracións públicas e das entidades sen ánimo de lucro, respectivamente. Unha vez máis, as maiores expectativas teñen lugar canto maior é o volume de facturación ou orzamento: entre 3,17 das entidades que non chegan aos 50.000 euros ata 3,51 das que acadan ou superan o medio millón. Por volume de persoal, as entidades que achegan a puntuación máis baixa (3,10) son aquelas que contan con só 1 ou 2 empregados/as, mentres que as que teñen máis de 10 acadan a valoración máis alta (3,46), se ben tamén destaca o valor rexistrado polas entidades que só teñen persoal voluntario (3,44).

Valoración media da evolución de cada un dos seguintes factores en 2025 con respecto a 2024 (escala 1-5)

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O seu sector de actividade	A súa entidade
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,90	2,96	3,06	3,27
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,93	3,07	3,08	3,11
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,93	3,02	2,92	3,17
Audiovisual e actividades relacionadas	3,03	3,05	3,00	3,20
Artes visuais	2,96	3,02	2,91	3,09
Arquitectura, publicidade, deseño	2,71	2,94	3,08	3,25
Música	2,94	3,16	3,06	3,29
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,78	3,03	3,14	3,26
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,94	3,15	3,25	3,49
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,96	3,15	3,16	3,25
Educación cultural	3,08	3,15	3,30	3,50

DOCUMENTOS DE TRABALLO

Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,08	3,26	3,28	3,38
Total	2,93	3,05	3,07	3,24
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	2,94	3,06	3,05	3,21
Profesional autónomo	2,79	2,86	2,95	3,12
Administración pública	3,06	3,19	3,24	3,38
Entidade sen ánimo de lucro	2,93	3,1	3,06	3,37
Total	2,93	3,05	3,07	3,24
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>				
Menos de 50.000 €	2,88	2,95	2,96	3,17
De 50.000 a 149.999 €	2,92	3,10	3,08	3,21
De 150.000 a 499.999 €	2,98	3,07	3,10	3,22
500.000 € ou máis	3,03	3,15	3,25	3,51
Ns/Nc	2,91	3,45	3,69	3,83
Total	2,93	3,05	3,07	3,24
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>				
Ningún, só persoal voluntario	2,93	3,02	3,03	3,44
1 ou 2 empregados/as	2,9	2,97	2,92	3,10
De 3 a 5 empregados/as	2,93	3,08	3,17	3,28
De 6 a 10 empregados/as	2,94	3,05	3,13	3,32
Máis de 10 empregados/as	3,04	3,22	3,27	3,46
Ns/Nc	2,82	2,83	2,70	2,99
Total	2,93	3,05	3,07	3,24

Fonte: Elaboración propia

3. Evolución en 2024 e expectativas para 2025 de ingresos, produción e prezos.


O 37% das empresas e entidades que compoñen a mostra de estudo manifestan unha evolución positiva da súa facturación (ou orzamento, no caso das entidades non empresariais) ao longo de 2024, afirmando que aumentou ou ben leve ou ben significativamente con respecto a 2023. Esta porcentaxe é 10,3 puntos superior á das empresas que sinalan algún descenso (26,7%), mentres que un 35,3% afirma que tiveron estabilidade económica con respecto ao ano anterior.

En canto ás expectativas sobre a evolución da facturación ou orzamento da entidade, un 35,1% das entidades da mostra prevé unha mellora, mentres que tan só o 15,7% anticipa unha evolución negativa. A opción máis habitual segue sendo a que prevé estabilidade, cun 45,7%.

As previsións positivas sobre a facturación ou orzamento para 2025 son lixeiramente inferiores que a mesma valoración rexistrada para 2024 (do 37% ao 35,1%), pero, ao mesmo tempo, as perspectivas negativas para 2025 son 11 puntos porcentuais inferiores con respecto ao ano anterior

(26,7%). Prodúcese, xa que logo, un movemento de expectativas negativas cara a respostas de maior estabilidade, dende o 35,3% de 2024 ata o 45,7% de 2025.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 de facturación da empresa /orçamento da entidade



A valoración media da evolución sitúase para 2025 en 3,08 puntos, 0,18 puntos menor que a expectativa percibida durante 2024, cando se alcanzou unha puntuación de 3,20.

Ao comparar estes datos cos achegados polas anteriores edicións do *Barómetro*, obsérvase a peor valoración da serie no que atinxe ao exercicio xa concluído (pasouse de 3,23 puntos de 2021 aos actuais 3,08 para 2024). A pesar disto, no que se refire ás expectativas para 2025, as cifras de puntuación media si logran manterse en valores semellantes aos das expectativas futuras rexistradas nos dous anos anteriores (ao redor de 3,20 puntos).

As táboas que recollen as valoracións da situación da facturación ou orzamento en cada edición do *Barómetro* e as expectativas para cada ano poñen de manifesto, no caso desta importante dimensión do éxito das or-

ganizacións, que a evolución observada en 2024 non cumpriu todas as expectativas albergadas no ano anterior. Así pois, mentres que na enquisa realizada en 2023 as expectativas para 2024 alcanzaban unha puntuación de 3,25 puntos sobre 5, a valoración do ano xa rematado diminúe ata os 3,08 puntos.

Valoración da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte respecto da facturación da empresa/orzamento da entidade (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
2021	3,23	1,18	3,49	0,9
2022	3,35	1,07	3,20	0,93
2023	3,19	1,03	3,25	0,86
2024	3,08	1,06	3,20	0,85

Fonte: Elaboración propia

En 2024, os sectores de actividade con mellor evolución da facturación ou orzamento foron os departamentos de cultura das administracións e as entidades dedicadas á educación cultural (con valores de 3,32 e 3,26, respectivamente). Pola contra, os que rexistran os valores máis baixos volven ser os segmentos tanto do comercio como da edición de libros e publicacións periódicas (2,80 e 3,01, respectivamente) e o das artes visuais (2,88). Os resultados amosan que as puntuacións son máis elevadas canto maior é a facturación da entidade, pasando de 2,79 para aquelas de menos de 50.000 euros de facturación a 3,46 das que acadan ou superan o medio millón de euros. Por volume de persoal, tamén rexistran os valores máis altos as empresas dos dous tramos con maior número de persoas empregadas (valores na orde de 3,3 puntos), que contrastan co valor de 2,87 das entidades con só 1 ou 2 empregados/as. Por tipo de entidade, cabe destacar como puntuación máis baixa da evolución da súa capacidade económica a rexistrada polos profesionais autónomos (2,78), fronte á valoración das administracións públicas (3,19).

Nas expectativas para 2025, o cruzamento por actividade específica non amosa significación estatística, pero pode sinalarse como, na valoración con respecto a 2024, mostran as mellores puntuacións os departamentos de cultura das administracións (3,40), as entidades dedicadas á

educación cultural (3,33), e, neste caso, tamén os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,34). Mentres, os segmentos que achegan os valores máis baixos son o do comercio de libros (2,97) e o das bibliotecas e arquivos (2,95). Aínda os datos non amosan unha relación claramente proporcional entre a análise de expectativas para 2025 e o volume de facturación ou orzamento das entidades, as máis elevadas teñen lugar entre aquelas situadas no tramo económico máis alto (3,59) e as máis baixas entre as do de menor importe (3,06). Dun xeito similar, por volume de persoal, as maiores expectativas para 2025 sitúanse entre as entidades dos dous tramos mais altos (de 6 a 10 ou de máis de 10 traballadores/as, con valores de 3,39 e 3,40 respectivamente) e as máis baixas no tramo de só 1 ou 2 traballadores/as (cunha valoración de 3,04 puntos).

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 da facturación da empresa/orzamento da entidade (escala 1-5)

	Evolución 2024	Expectativa 2025
Actividade específica		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,15	3,24
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,80	2,97
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,01	3,18
Audiovisual e actividades relacionadas	3,22	3,26
Artes visuais	2,88	3,19
Arquitectura, publicidade, deseño	3,08	3,16
Música	3,17	3,27
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,11	3,18
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,30	3,34
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,97	2,95
Educación cultural	3,26	3,33
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,32	3,40
Total	3,08	3,20
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,13	3,19
Profesional autónomo	2,78	3,15
Administración pública	3,19	3,27
Entidade sen ánimo de lucro	3,14	3,24
Total	3,08	3,20
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	2,79	3,06
De 50.000 a 149.999 €	3,12	3,21
De 150.000 a 499.999 €	3,25	3,17
500.000 € ou máis	3,46	3,59
Ns/Nc	3,80	3,52
Total	3,08	3,20

Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024


DOCUMENTOS DE TRABAJO

Ningún, só persoal voluntario	3,00	3,26
1 ou 2 empregados/as	2,87	3,04
De 3 a 5 empregados/as	3,19	3,26
De 6 a 10 empregados/as	3,37	3,40
Máis de 10 empregados/as	3,30	3,39
Ns/Nc	3,12	2,82
Total	3,08	3,20

Fonte: Elaboración propia

En canto aos custos das entidades, o 79,2% da mostra do *Barómetro* afirma que durante 2024 experimentaron algún crecemento dos prezos dos seus insumos (o 44,3% un crecemento leve e o 34,8% un crecemento significativo), mentres que o 17,9% sinala estabilidade ao respecto e só o 1,6% algún descenso. As previsións para 2025 van na mesma liña, pois tamén nas expectativas predominan con claridade as entidades que prevén novos incrementos nos prezos dos seus insumos (69,8%), mentres que as que prevén estabilidade suman o 25,7%. Só o 1,7% prevé algunha redución.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do prezo dos insumos (subministracións, materias primas)



Fonte: Elaboración propia

A expresión numérica sitúase nunha escala de 4,13 sobre 5, é dicir, nun valor por riba do 4 (que se identifica co "aumento leve"). En todo caso, é a cifra menos elevada dunha serie que rexistrou o seu punto álxido en 2022, cando acadou 4,49 puntos.

Así mesmo, as expectativas declaradas para 2025, situadas en 3,89 puntos, marcan o valor máis baixo da serie e dan continuidade á tendencia decrecente que se vén observando dende a edición de 2022, cando alcanzou unha puntuación de 4,29.

As expectativas de crecemento dos prezos para 2024 expresadas a comezo do dito ano (3,95) víronse superadas coa evolución real do indicador (4,13), se ben a diferenza entre expectativa e evolución real (0,18) está na liña das comparativas anteriores.


Valoración media da evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) das entidades no ano rematado e expectativas para o ano seguinte (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
2021	4,22	0,85	4,29	0,82
2022	4,49	0,76	4,12	0,84
2023	4,35	0,7	3,95	0,72
2024	4,13	0,78	3,89	0,73

Fonte: Elaboración propia

Os cruzamentos significativos mostran diferenzas pouco salientables entre segmentos, tanto na análise da evolución en 2024 como na das expectativas para 2025. En todo caso, pódese apuntar que, durante 2024 o cruzamento por tipo de entidade amosou valores ao redor de 4 puntos ("aumento leve") nos seus catro segmentos, aínda que con valores por riba dese nivel no caso das empresas, os profesionais autónomos e as administracións públicas (entre 4,06 e 4,20), mentres que o das entidades sen ánimo de lucro ficou en 3,91. En canto ás expectativas para 2025, as empresas e as administracións públicas cifran a súa previsión en valores ao redor de 3,9 e os profesionais autónomos en 3,84, mentres que as entidades sen ánimo de lucro a cifran nun valor de 3,67.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do prezo dos insumos (subministracións, materias primas), segundo tipo de entidade (escala 1-5)




Fonte: Elaboración propia

Pese ao crecemento de prezos que case o 80% das entidades sinala no que respecta ao subministracións e materias primas que necesitan para a súa actividade, a porcentaxe das que incrementaron os prezos dos seus bens e servizos sitúase no 40,3%. En todo caso, a categoría de resposta máis frecuente é a que afirma que se mantén a estabilidade nesta cuestión (52,8%). Só o 3,2% das entidades da mostra rebaixou nalgunha medida os prezos dos servizos e produtos que ofrecen.

Con respecto a 2025, a porcentaxe das entidades que prevén incrementar os seus prezos é do 37,4%, pero a maioría non predí cambios (54,6%), e só un 3,2% planea baixalos.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade)



Fonte: Elaboración propia

Os índices sintéticos amosan unha evolución de 3,43 puntos sobre 5, situándose na liña dos dous últimos anos, 4 centésimas inferior ao dato de 2023 e 5 centésimas inferior ao de 2022, pero aínda por riba dos 3,21 puntos rexistrados en 2021.

As expectativas para 2025 sitúanse en 3,39 puntos, o valor máis baixo da serie temporal observada dende a primeira edición do *Barómetro* e que se afasta do máis alto, de 3,51 puntos, relativo ao ano 2023.

Neste caso, a evolución constatada en 2024 (3,43) é practicamente idéntica á expectativa expresada para ese ano na anterior edición do estudo (3,41), polo que se pode afirmar o cumprimento da previsión no prezo dos outputs.

Valoración media da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade) (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
2021	3,21	0,68	3,49	0,73
2022	3,48	0,74	3,51	0,72
2023	3,47	0,66	3,41	0,59
2024	3,43	0,68	3,39	0,65

Fonte: Elaboración propia

Na análise segmentada, tanto o incremento experimentado durante 2024 como a expectativa para 2025 do prezo das mercadorías mostra valores por

riba do 3 e por debaixo do 3,8. A segmentación por actividade específica sinala o comercio de libros e publicacións periódicas como o que maior incremento de prezos amosou (3,76), fronte ao dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,24). Por tipo de entidade, foron as empresas e os profesionais autónomos os que en maior medida incrementaron estes prezos: 3,48 e 3,49, fronte aos 3,22 puntos das entidades sen ánimo de lucro.

No caso das expectativas para 2025 repítese o mesmo esquema para a análise segmentada por actividade específica. A maior previsión de incremento no prezo dos produtos sitúase entre as entidades do comercio de libros e publicacións periódicas (3,76) e a máis baixa no segmento dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,21). Por tipo de entidade, unha vez máis, serán as empresas e mais os profesionais autónomos os que, en maior medida, prevén incrementos neste indicador (3,43), fronte ás previsións das entidades sen ánimo de lucro (3,20).

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do prezo das mercadorías (bens/servizos que produce a entidade) (escala 1-5)


	Evolución 2024	Expectativa 2025
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,44	3,40
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,76	3,69
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,39	3,38
Audiovisual e actividades relacionadas	3,34	3,32
Artes visuais	3,33	3,35
Arquitectura, publicidade, deseño	3,54	3,44
Música	3,40	3,31
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,49	3,40
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,24	3,21
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,42	3,30
Educación cultural	3,33	3,28
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,41	3,45
Total	3,43	3,39
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,48	3,43
Profesional autónomo	3,49	3,43
Administración pública	3,32	3,31
Entidade sen ánimo de lucro	3,22	3,20
Total	3,43	3,39

Fonte: Elaboración propia

En canto ao nivel de produción de bens e servizos, durante o ano 2024 o 45,5% das entidades entrevistadas experimentou algún incremento (o 36% un aumento leve e o 9,5% un aumento significativo), aínda que é tamén relevante a porcentaxe das que declaran estabilidade con respecto a 2023 (36,7%), mentres que o 16,6% das entidades reduciu nalgunha medida o prezo de bens e servizos producidos.

En canto ás previsións para 2025, a resposta predominante é a que prevé estabilidade (48,9%), cifra que supera en 12,2 puntos o valor rexistrado en 2024. Esta maior proporción de respostas que indican estabilidade explica que, en comparación cos valores observados na evolución da produción durante 2024, as previsións para 2025 presenten unha menor expectativa, tanto de incrementos (38,9%), 6,6 puntos porcentuais menos como de descensos (9%), 7,6 puntos menos.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 da produción de bens e servizos (carga de traballo)



Fonte: Elaboración propia

A media da escala entre 1 e 5 puntos sitúase en 3,34, a valoración máis baixa da serie temporal observada e cada vez máis lonxe da cifra de 3,61 puntos alcanzada en 2022, onde ben é certo que se partía dunha situación de baixa produción tras a pandemia.

No caso das expectativas para 2025, a previsión sitúase nos 3,52 puntos, valoración practicamente idéntica á recollida no pasado ano, e que fica

a boa distancia dos 3,75 puntos correspondentes ás previsións expresadas en 2022 para o ano 2023.

Por último, cómpre indicar que a evolución observada durante 2024 neste indicador (3,34) se sitúa case dúas décimas por debaixo das expectativas que se expresaran na anterior edición do estudo (3,51).

Valoración media da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte da produción de bens e servizos (carga de traballo) (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	3,42		1,11	3,62	0,86
2022	3,61		0,99	3,75	1,51
2023	3,45		0,98	3,51	1,25
2024	3,34		0,97	3,52	1,26

Fonte: Elaboración propia

A evolución da produción en 2024 rexistra os seus valores máis altos nos departamentos de cultura (3,97), nos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,73) e nas entidades dedicadas á educación cultural (3,73). Os valores menos altos do cruzamento atópanse nos segmentos das artes visuais (3,06) e do comercio de libros e publicacións periódicas (3,13). Por tipo de entidade, a mellor evolución da produción de bens e servizos obsérvase nas administracións públicas, con 3,79 puntos, fronte aos 2,96 dos profesionais autónomos. Os valores medios incrementanse canto maior é o volume de facturación ou orzamento da entidade: entre os 3,11 puntos das que non chegan aos 50.000 euros e os 3,58 das que acadan ou superan o medio millón.

Os departamentos de cultura das administracións públicas e os museos destacan tamén nas expectativas para 2025, cunhas puntuacións de 3,97 e 3,92 puntos respectivamente. Estas valoracións contrastan coa de 3,17 rexistrada no sector da arquitectura, publicidade e deseño, e coa de 3,21 do segmento das artes gráficas. No cruzamento por tipo de entidade, o valor máis alto volve ser o que se rexistra nas administracións públicas, con 3,84 puntos.



Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 da produción de bens e servizos (carga de traballo) (escala 1-5)

	Evolución 2024	Expectativa 2025
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,35	3,21
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,13	3,41
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,22	3,70
Audiovisual e actividades relacionadas	3,25	3,45
Artes visuais	3,06	3,47
Arquitectura, publicidade, deseño	3,33	3,17
Música	3,31	3,43
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,26	3,82
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,73	3,75
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,69	3,70
Educación cultural	3,73	3,92
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,97	3,97
Total	3,34	3,52
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,28	3,38
Profesional autónomo	2,96	3,68
Administración pública	3,79	3,84
Entidade sen ánimo de lucro	3,58	3,48
Total	3,34	3,52
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	3,11	3,52
De 50.000 a 149.999 €	3,44	3,43
De 150.000 a 499.999 €	3,45	3,44
500.000 € ou máis	3,58	3,77
Ns/Nc	3,53	4,40
Total	3,34	3,52


Fonte: Elaboración propia

A análise da evolución e das expectativas finaliza coa atención ao comportamento da demanda dos seus produtos e servizos. Durante o ano 2024, o 44,1% das entidades da cultura galega experimentou algún incremento da súa demanda (o 36,1% un aumento leve e o 8,1% un aumento significativo), mentres que un 36,8% non percibiu cambios relevantes con respecto ao ano anterior, e o 17,6% rexistrou algún descenso.

No caso das previsións para 2025, a expectativa con maior porcentaxe de respostas é a da estabilidade na demanda (46,1%), se ben é tamén

importante en termos porcentuais o volume de respostas agregadas que prevén algún incremento (39,7%). A porcentaxe de entidades que prevén algún descenso na súa demanda é do 11,1%, 6,5 puntos porcentuais menos que as que sufriron esta circunstancia durante 2024.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 da demanda dos produtos/servizos da entidade



Fonte: Elaboración propia

A análise mediante un indicador resumo sitúase en 3,32 puntos sobre unha escala de 5; é dicir, por riba da "estabilidade", pero aínda lonxe do "incremento leve". Este valor segue a tendencia decrecente iniciada en 2022, cando se situaba nos 3,47 puntos e volve ao nivel expresado con respecto a 2021 (3,30). Esta valoración certifica que a evolución de produtos e servizos prevista en 2023 para 2024 se corresponde coa demanda efectiva declarada para 2024 (3,31 puntos).

Valoración media da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte na demanda dos produtos/servizos da entidade (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
2021	3,30	0,10	3,62	0,83
2022	3,47	0,95	3,37	0,88
2023	3,38	0,93	3,31	0,81
2024	3,32	0,94	3,32	0,81

Fonte: Elaboración propia

Como tamén ocorría coa evolución da produción ou carga de traballo, na análise do volume de demanda en función da actividade específica da entidade volven destacar as bibliotecas e arquivos, os departamentos de cultura e mais os museos e actividades relacionadas co patrimonio, por ser as que achegan as mellores puntuacións tanto da evolución en 2024 como das previsións para 2025, con valores na orde de 3,7 puntos en cada caso. De novo, como na análise dos datos sobre a produción, volven ser as entidades dedicadas ao comercio de libros as que realizan a valoración máis baixa tanto da evolución durante o ano rematado (2,96), único valor do cruzamento por debaixo de 3 e, polo tanto, por debaixo da "estabilidade"), como das previsións para 2025 (3,05), en nivel de estabilidade.

O cruzamento por tipo de entidade volve mostrar a mellor evolución e a mellor expectativa entre as administracións públicas (3,69 en ambos casos), en contraposición unha vez máis cos profesionais autónomos, que achegan os valores máis baixos nas dúas variables: ao redor dos 3,1 puntos tanto en evolución durante 2024 como en expectativas para 2025.

O cruzamento por facturación amosa en ambos indicadores valores máis altos canto maior é o tramo económico observado (de 3,18 puntos do tramo máis baixo a 3,42 do máis alto na evolución, e de 3,21 a 3,52 nas expectativas).

Tamén se deixa sentir a influencia do tamaño da entidade en canto ao seu volume de persoal, pois a evolución da demanda de 2024 é xulgada cun 3,33 polas entidades que só contan con persoal voluntario e cun 3,09 polas que só teñen 1 ou 2 traballadores/as, fronte a valores entre os 3,45 e os 3,51 puntos nas que teñen 3 ou máis. O mesmo ocorre coas expectativas para 2025, cun valor de 3,38 no segmento das entidades que só contan con voluntariado e de 3,11 nas que non chegan a 3 traballadores/as, fronte a valores entre 3,44 e 3,52 das que teñen 3 ou máis.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 da demanda dos produtos/servizos da entidade (escala 1-5)

<i>Actividade específica</i>	Evolución 2024	Expectativa 2025
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,04	3,14
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,96	3,05
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,17	3,35
Audiovisual e actividades relacionadas	3,26	3,25



Artes visuais	3,19	3,13
Arquitectura, publicidade, deseño	3,35	3,28
Música	3,30	3,19
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,34	3,24
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,71	3,77
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,79	3,68
Educación cultural	3,62	3,58
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,73	3,77
Total	3,32	3,32
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,23	3,24
Profesional autónomo	3,08	3,10
Administración pública	3,69	3,69
Entidade sen ánimo de lucro	3,52	3,44
Total	3,32	3,32
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	3,18	3,21
De 50.000 a 149.999 €	3,37	3,30
De 150.000 a 499.999 €	3,39	3,36
500.000 € ou máis	3,42	3,52
Ns/Nc	3,56	3,46
Total	3,32	3,32
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>		
Ningún, só persoal voluntario	3,33	3,38
1 ou 2 empregados/as	3,09	3,11
De 3 a 5 empregados/as	3,51	3,44
De 6 a 10 empregados/as	3,54	3,48
Máis de 10 empregados/as	3,45	3,52
Ns/Nc	3,26	3,26
Total	3,32	3,32


Fonte: Elaboración propia

4. Evolución e expectativas dos indicadores de emprego

Con respecto á evolución do volume de emprego ao longo de 2024, o 75,3% das entidades enquisadas afirma que ten unha estabilidade con respecto ao ano anterior. Entre as respostas que indican cambios, as que sinalan algún incremento do volume de persoal (12,8%) superan en menos de 3 puntos ás que experimentaron algún descenso (9,9%).

As expectativas para 2025 nesta cuestión amosan escasas diferenzas respecto á situación vivida en 2024, pois o 79,2% prevé estabilidade, o 11,1% algún incremento e o 6,6% un descenso leve ou significativo.

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do volume de emprego (nº de traballadores/as)



Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta que na escala de 1 a 5 puntos o 3 é o valor numérico que corresponde á resposta “estabilidade”, vese que en materia de emprego a situación media durante 2024 das entidades enquisadas se sitúa na escala de 3,03 puntos, e no caso das expectativas para 2025 en 3,04. Estes valores son moi semellantes aos do ano anterior, xa que varían en menos dunha décima en cada caso.

A partir dos datos sobre o volume de emprego, tanto de valoración de cada ano como polas expectativas previamente formuladas para ese exercicio, pódese constatar que as previsións realizadas en 2023 para o ano 2024 estiveron preto de cumprirse. As expectativas para o ano seguinte situáronse nos 3,07 puntos, mentres que a evolución percibida foi de 3,03 puntos.

Valoración media da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte do volume de emprego (nº de traballadores/as) (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte		
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	
2021	2,99	0,72	3,19	0,56	
2022	3,15	0,7	3,08	0,59	
2023	3,09	0,62	3,07	0,54	
2024	3,03	0,58	3,04	0,52	

Fonte: Elaboración propia



A análise da evolución do volume de persoal por actividade específica pon de manifesto que son as entidades dedicadas á educación cultural as que presentan unha valoración máis positiva (3,23), mentres que as puntuacións non chegan ao 3 entre as dedicadas ás artes gráficas (2,90), ao comercio e á edición de libros e publicacións periódicas (2,96), ás artes visuais (2,91) e entre as bibliotecas e arquivos (2,99). A análise por tipo de entidade volve salientar que os peores datos se dan entre os profesionais autónomos (2,98) e os mellores entre as administracións públicas (3,14). A valoración da evolución do volume de emprego durante 2024 ofrece puntuacións máis elevadas canto maior é a cifra de persoal, que pasa do 2,57 das entidades que só contan con 1 ou 2 empregados/as ao 3,28 das que teñen máis de 10. Sen unha relación tan directamente proporcional, son tamén as entidades con maior volume de facturación ou orzamento as que ofrecen a puntuación máis alta (3,16) e as máis pequenas as que achegan o valor máis baixo (2,91).

En canto ás expectativas para 2025, o cruzamento por actividade específica recolle o seu valor máis alto entre os departamentos de cultura das administracións públicas (3,20) e os museos (3,18). Os valores máis baixos, por debaixo do 3 (que sinala a “estabilidade”), volven darse entre as entidades dedicadas ao comercio e á edición de libros, así como nas bibliotecas e arquivos (2,92). No que respecta ao cruzamento de expectativas laborais para 2025 por tipo de entidade, tamén se amosa o valor máis baixo entre os profesionais autónomos (2,98) e, unha vez máis, o máis alto corresponde ás das administracións públicas (3,12). Como ocorre cos cruzamentos anteriores, a perspectiva para 2025 sobre a evolución do volume de emprego é máis elevada canto maior é o volume de persoal (dos 2,97 puntos para entidades con 1 ou 2 empregados/as ata os 3,14 daquelas con máis de 10 empregados/as). No cruzamento por facturación ou orzamento, recóllese a puntuación máis alta nas entidades do tramo económico máis elevado (3,12), fronte ao tramo máis baixo (2,95).

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 do volume de emprego (nº de traballadores/as) (escala 1-5)


	Evolución 2024	Expectativa 2025
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,90	3,04
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,91	2,90
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,96	2,96
Audiovisual e actividades relacionadas	3,04	3,04
Artes visuais	2,91	3,04
Arquitectura, publicidade, deseño	3,12	3,02
Música	3,08	3,09
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,07	3,11
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,13	3,18
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,99	2,92
Educación cultural	3,23	3,13
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,03	3,20
Total	3,03	3,04
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,01	3,02
Profesional autónomo	2,98	2,98
Administración pública	3,14	3,12
Entidade sen ánimo de lucro	3,04	3,08
Total	3,03	3,04
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	2,91	2,95
De 50.000 a 149.999 €	3,09	3,09
De 150.000 a 499.999 €	3,07	3,07
500.000 € ou máis	3,16	3,12
Ns/Nc	3,00	3,00
Total	3,03	3,04
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,85	2,93
1 ou 2 empregados/as	2,95	2,97
De 3 a 5 empregados/as	3,00	3,08
De 6 a 10 empregados/as	3,09	3,05
Máis de 10 empregados/as	3,28	3,14
Ns/Nc	3,00	3,34
Total	3,03	3,04

Fonte: Elaboración propia

O 61,2% das entidades enquisadas afirmou que experimentara ao longo de 2024 un aumento dos seus custos laborais: o 49,9% un aumento leve e o 11,4% un aumento significativo. Só o 4,2% experimentou algún descenso. O 28,4% di que tivo estabilidade neste eido.

En canto ás expectativas sobre os custos laborais para 2025, a agregación das respostas que prevén algún incremento no custo por traballador/a son de novo as predominantes, aínda que nunha porcentaxe algo inferior á das que constataban ese incremento no ano rematado (54,3%). Ao tempo, é tamén menor a porcentaxe das que predín algún descenso no custo por traballador/a (3%), o que se explica polo aumento en 6,7 puntos na categoría que prevé estabilidade para 2025 no que respecta aos custos laborais (35,1%).

Evolución en 2024 con respecto a 2023 e expectativas para 2025 dos custos laborais totais por traballador/a



Fonte: Elaboración propia

A análise destas respostas como valores dunha escala de 1 a 5 sitúa a evolución dos custos de persoal en 2024 en 3,72 puntos, e as expectativas para 2025 nun valor só lixeiramente inferior (3,60). Ambos os dous datos achéganse máis á escala de 4 (que se corresponde cun “aumento leve”) que á de 3 (“estabilidade”). Neste caso, a serie temporal abarca só tres anos, xa que se trata de variables incorporadas por primeira vez na edición de 2022 do *Barómetro*. A pesar disto, a serie evidencia un incremento constante dos custos.

A comparación entre as expectativas de crecemento dos salarios para 2024 que se expresaban na pasada edición (3,65) víronse deste xeito lixeiramente superadas ao longo do ano (3,72).

Valoración media da evolución do ano rematado e expectativa para ano seguinte dos custos laborais totais por traballador/a (escala 1-5)

	Valoración da evolución do ano rematado		Expectativa para o ano seguinte	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
2022	3,70	0,81	3,62	0,79
2023	3,78	0,74	3,65	0,70
2024	3,72	0,76	3,60	0,70

Fonte: Elaboración propia

Na análise en función da actividade, os segmentos que en maior medida afirman que experimentaron un incremento dos custos laborais son os das artes gráficas (3,96), o teatro, danza e outros espectáculos escénicos (3,93), o ámbito da publicidade, arquitectura e deseño (3,84) e a educación cultural (3,83), con valores moi próximos ao 4. O valor máis baixo do cruzamento é o achegado polas bibliotecas e arquivos (3,54). Por tipo de entidade, son as empresas as que destacan ao sinalar o incremento de custos laborais (3,83), fronte ás entidades sen ánimo de lucro (3,43). As respostas que indican ese aumento son máis habituais canto maior é o nivel de facturación ou orzamento: entre os 3,44 puntos para entidades con menos de 50.000 euros e os 4,06 puntos para aquelas con 500.000 ou máis.

No que respecta ás expectativas para 2025 sobre os custos laborais, as entidades que experimentaron maiores incrementos en 2024 tamén expresan unha previsión de subidas de custos, mentres que as que tiveron menores incrementos tamén prevén para 2025 menores subas. Así, os segmentos das artes gráficas, da publicidade, arquitectura e deseño e da educación cultural non só son os que en maior medida notaron algún incremento do seu custo por traballador/a durante 2024, senón tamén os que máis expectativas teñen de novos incrementos (3,76, 3,72 e 3,78, respectivamente). Pola súa parte, o segmento das bibliotecas e arquivos, o que menos sufriu ese incremento no ano rematado, é tamén o que menos expectativas ten de incrementos nos custos laborais en 2025 (3,38). Dun xeito similar, a análise por tipo de entidade amosa as maiores expectativas de novos incrementos no segmento empresarial (3,67) e as máis baixas entre as entidades sen ánimo de lucro (3,43). Por nivel de facturación, as maiores expectativas de novas subas destacan nos dous tramos económicos máis altos (valores na orde do 3,8) e a menor entre as que non chegan aos 50.000 euros (3,37). Por volume de persoal, os valores máis elevados (entre

o 3,69 e o 3,76) atópanse entre as entidades con polo menos 3 traballadores/as, valor que non pasa do 3,50 nas que só contan con 1 ou 2 empregados/as.

Valoración da evolución en 2024 con respecto a 2023 e das expectativas para 2025 dos custos laborais totais por traballador/a (escala 1-5)

	Evolución 2024	Expectativa 2025
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,96	3,76
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,78	3,70
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,70	3,66
Audiovisual e actividades relacionadas	3,65	3,46
Artes visuais	3,52	3,45
Arquitectura, publicidade, deseño	3,84	3,72
Música	3,60	3,45
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,93	3,60
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,72	3,60
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,54	3,38
Educación cultural	3,83	3,78
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,63	3,56
Total	3,72	3,60
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,83	3,67
Profesional autónomo	3,62	3,49
Administración pública	3,63	3,60
Entidade sen ánimo de lucro	3,43	3,43
Total	3,72	3,60
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	3,44	3,37
De 50.000 a 149.999 €	3,71	3,59
De 150.000 a 499.999 €	3,92	3,83
500.000 € ou máis	4,06	3,78
Ns/Nc	3,82	3,82
Total	3,72	3,60
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,94	2,93
1 ou 2 empregados/as	3,56	3,50
De 3 a 5 empregados/as	3,89	3,69
De 6 a 10 empregados/as	3,91	3,76
Máis de 10 empregados/as	3,86	3,71
Ns/Nc	3,69	3,69
Total	3,72	3,60


Fonte: Elaboración propia

Como se pode observar na seguinte táboa, son máis as entidades que apuntan dificultades á hora de atopar profesionais, cunha porcentaxe agregada do 55,7% (para o 35,2% é bastante difícil e para o 20,5% moi difícil), que as que consideran que non hai dificultades, cunha porcentaxe do 35,4%, co 7,4% da mostra que indica que é moi doado atopar persoal para cubrir os seus postos, mentres que para o 28% resulta bastante doado.

Ao atender á serie temporal que se recolleu dende a primeira edición do *Barómetro*, as porcentaxes de quen afirma que ten bastantes ou moitas dificultades para atopar persoal cualificado son 6,7 puntos porcentuais superiores ás rexistradas en 2021, se ben é certo que nesta edición esta porcentaxe mingua 0,8 puntos.

Na avaliación do grao de dificultade para atopar persoal cualificado, expresado como valores dunha escala numérica do 1 ao 4, apréciase un incremento leve pero constante nos últimos anos. A media estatística reflicte esta tendencia, pasando dos 2,66 puntos sobre 4 en 2021 ata os 2,76 no ano 2024.

Evolución da valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)




Fonte: Elaboración propia

Como se pode comprobar na seguinte gráfica, as porcentaxes das entidades en función da súa percepción sobre a dificultade de atopar profesionais varían ao longo dos anos 2021, 2022, 2023 e 2024. En 2021, un 7% das

entidades consideraba moi doado atopar profesionais, mentres que en 2022 esta apreciación diminuíu lixeiramente ata un 6,5%, para aumentar en 2023 e 2024 ata o 7,2% e 7,4% respectivamente. A percepción de que é bastante doado atopar profesionais reduciuse dun 30,8% en 2021 a un 28% en 2024. No lado contrario, as entidades que consideraron bastante difícil atopar profesionais creceu dun 33,8% en 2021 a un 35,2% en 2024 e a daquelas ás que lles resultou moi difícil tamén se incrementou dun 15,2% en 2021 a un 20,5% en 2024.

Evolución da porcentaxe de entidades segundo o grao de dificultade que teñen á hora de atopar profesionais para os postos que requiren



Fonte: Elaboración propia

Por actividade específica, son os segmentos das artes gráficas e da arquitectura, publicidade e deseño as que declaran maior grao de dificultade para atopar perfís profesionais axeitados. Tamén se sitúan por riba da media de complexidade (establecida nun 2,76) a música (2,94), o comercio de libros e publicacións periódicas (2,89), a educación cultural (2,88) e o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (2,85). Pola contra, as entidades do audiovisual e as artes visuais sitúanse en 2,55 e 2,56, mentres que a dificultade máis baixa se declara nos departamentos de cultura, con 2,51 puntos sobre 4.

Por tipo de entidade, as diferenzas entre segmentos son reducidas pero permiten apreciar, cando menos, a maior dificultade que afrontan as empresas (2,94 sobre 4), sobre todo en comparación cos profesionais autónomos, quizais porque un bo número deles traballan en solitario, sen persoal contratado. O grao de dificultade resulta maior canto maior é tamén o volume de facturación ou orzamento: do 2,48 das que non chegan aos 50.000 euros chégase ao 3,03 das que acadan ou superan o medio millón.

Valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)

<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,35
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,89
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,60
Audiovisual e actividades relacionadas	2,55
Artes visuais	2,56
Arquitectura, publicidade, deseño	3,00
Música	2,94
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,85
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,61
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,58
Educación cultural	2,88
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	2,51
Total	2,76
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	2,94
Profesional autónomo	2,32
Administración pública	2,66
Entidade sen ánimo de lucro	2,61
Total	2,76
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>	
Menos de 50.000 €	2,48
De 50.000 a 149.999 €	2,81
De 150.000 a 499.999 €	2,95
500.000 € ou máis	3,03
Ns/Nc	3,04
Total	2,76

Fonte: Elaboración propia


5. Inversións e subvencións

O 61,2% das entidades realizou algún investimento ao longo de 2024 (5,5 puntos máis que en 2023), cifra que dá un novo impulso a unha tendencia crecente constatada ao longo da serie temporal dispoñible, e que ten de punto de partida o 50,8% rexistrado en 2021.

En canto ás previsións para 2025, a porcentaxe das entidades que teñen previsto acometer investimentos sitúase no 55,5%, o valor máis alto da serie temporal, case 5 puntos superior ao da expectativa para 2024 na anterior edición do estudo.

Na comparación das expectativas do *Barómetro* anterior con respecto aos investimentos para realizar durante 2024 e os que realmente se efectuaron ao longo dese ano, pódese afirmar que as expectativas (50,7%) foron superadas amplamente (61,2%).

Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento en 2024 e/ou teñen previsto realizalo en 2025



Fonte: Elaboración propia

Como se pode observar na seguinte táboa, un 55,5% das entidades prevé levar a cabo algún investimento en 2025, 4,8 puntos porcentuais máis en relación coa previsión do ano anterior.

Evolución da porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento e/ou teñen previsto realizalo

Realizado		Previsto	
2021	50,8	2022	51,0
2022	52,6	2023	48,6
2023	54,6	2024	50,7
2024	61,2	2025	55,5

Fonte: Elaboración propia

.....

A porcentaxe de entidades que realizaron investimentos durante 2024 acada os seus valores máis altos entre os departamentos de cultura das administracións, as bibliotecas e arquivos, as entidades dedicadas á educación cultural e as dedicadas ao teatro, danza e outros espectáculos escénicos. Nestes segmentos a resposta afirmativa sitúase entre o 72,7% e o 79%. Estas cifras contrastan con apenas o 37,2% das entidades dedicadas ao comercio de libros e outras publicacións periódicas que, xunto co das artes visuais (49%), son os únicos segmentos de actividade específica que presentan índices de realización de investimentos inferiores ao 50%. A porcentaxe das que investiron en 2024 é maior canto maior é tamén a súa facturación (do 53,5% do tramo económico máis baixo ao 83,2% do máis alto) e maior o seu volume de persoal (do 50,2% en entidades con 1 ou 2 empregados/as, ao 79,8% das que contan con máis de 10 empregados/as).

Por actividade específica, entre as entidades con maiores expectativas de investimento para 2025 volven figurar os departamentos de cultura e as bibliotecas e arquivos, aos que se suman os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (os tres con valores entre o 72,2% e o 77,4%). O valor máis baixo é de novo o do segmento do comercio de libros e publicacións periódicas (34,0%), situándose tamén por debaixo do 50% o das artes gráficas (44,2%) e o das artes visuais (44,9%).

Aínda que sen unha relación perfectamente lineal, a porcentaxe de entidades que prevén investir en 2025 acada o nivel máis baixo no tramo de menor facturación ou orzamento (49,5%) e o máis alto no tramo que acada ou supera os 500.000 euros (69,3%). En todo caso, o índice das entidades que teñen previsto investir é maior canto maior é tamén o seu volume de persoal: do 47,8% das que só teñen 1 ou 2 empregados/as se ao 71,8% das que teñen máis de 10.

No cruzamento por tipo de entidade, as administracións públicas seguen a amosar os resultados máis positivos, xa que realizaron investimentos en 2024 o 75,3% e prevén facelo de novo en 2025 o 73,4%). Os menos positivos danse entre os profesionais autónomos, con alores dun 53,1% en 2024 e un 43,7% para 2025. Nestes últimos, pode comprobarse que a porcentaxe das expectativas é 9,4 puntos menor á da afirmación de facer investimentos no último ano.

Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento ao longo de 2024 e/ou teñen previsto realizalo en 2025

	Realizado (2024)	Previsto (2025)
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	69,2	44,2
Comercio de libros e publicacións periódicas	37,2	34,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	53,3	54,3
Audiovisual e actividades relacionadas	68,1	64,9
Artes visuais	49,0	44,9
Arquitectura, publicidade, deseño	61,5	50,0
Música	61,1	58,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	72,7	59,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	63,9	72,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	74,5	74,5
Educación cultural	77,0	66,2
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	79,0	77,4
Total	61,2	55,5
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	60,4	52,9
Profesional autónomo	53,1	43,7
Administración pública	75,3	73,4
Entidade sen ánimo de lucro	57,3	59,6
Total	61,2	55,5
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>		
Menos de 50.000 €	53,5	49,5
De 50.000 a 149.999 €	59,5	58,2
De 150.000 a 499.999 €	63,5	53,1
500.000 € ou máis	83,2	69,3
Ns/Nc	17,7	62,4
Total	61,2	55,5
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>		
Ningún, só persoal voluntario	54,0	56,6
1 ou 2 empregados/as	50,2	47,8
De 3 a 5 empregados/as	62,5	54,6
De 6 a 10 empregados/as	72,4	58,8
Máis de 10 empregados/as	79,8	71,8
Ns/Nc	74,2	87,0
Total	61,2	55,5

Fonte: Elaboración propia

Con respecto ás subvencións, durante 2024 o 42,4% das entidades enquisadas solicitou e obtivo algunha. Se a esta porcentaxe se lle suma o 4,2% das que as pediron pero obtiveron unha resposta negativa da Administra-

ción obtense que, con independencia do resultado, as entidades que solicitaron algunha subvención alcanzan o 46,6% da mostra, fronte ao 51,7% das entidades enquisadas que non solicitaron axudas.

A porcentaxe das entidades que solicitaron e obtiveron algunha subvención en 2024 (42,4%) é a máis baixa dende 2021, cando se situaba no 47,9%. Con respecto ao ano anterior, a cifra reduciuse en 0,7 puntos. Consecuentemente, a porcentaxe das entidades que non chegaron a pedir subvención é a máis alta da serie coa que conta o *Barómetro*, e supera por primeira vez o 50% do total da mostra.

Evolución da porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública

	2021	2022	2023	2024
Solicitouna e obtívoa	47,9	43,0	43,7	42,4
Solicitouna pero foille denegada	5,3	8,2	8,0	4,2
Non a solicitou	43,6	44,7	46,6	51,7
Ns/Nc	3,3	4,1	1,7	1,8

Fonte: Elaboración propia

Por actividade específica, a porcentaxe de entidades que non chegaron a solicitar subvencións en 2024 é predominante entre as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (76,6%), as artes visuais (75,5%), a arquitectura, publicidade e deseño e ás artes gráficas (65,4% en ambos casos). Nos demais segmentos do cruzamento, o máis habitual foi solicitar e recibir en 2024 algunha subvención. A resposta máis destacada neste sentido deuse no caso dos departamentos de cultura (87,1%) e na educación cultural (67,6%). Nos restantes segmentos a porcentaxe de entidades que solicitaron e recibiron subvención sitúase entre o 48,9% e o 54,3%.

Por tipo de entidade, a solicitude e obtención de axudas predominou entre organismos da Administración pública (68,3%) e entidades sen ánimo de lucro (63,6%), mentres que no caso das empresas e os profesionais autónomos estas cifras están por debaixo do 36%, cunha clara maioría de entidades destes segmentos que non as solicitaron (58,2% e 72%, respectivamente).

Os cruzamentos por facturación e por volume de persoal amosan que foron as entidades máis grandes as que maioritariamente solicitaron e obtiveron subvencións en 2024, fronte aos demais segmentos de cada un destes cruzamentos, onde foi máis habitual non facer solicitudes de axudas.

Deste xeito, por volume de facturación, a porcentaxe de quen pediu e obtivo axudas increméntase conforme o fai o nivel económico, pasando do 35% do tramo máis baixo ao 48,8%, do máis alto. No caso do volume de persoal, a porcentaxe de entidades que pediron e conseguiron subvención en 2024 predomina no segmento das que só contan con persoal voluntario (53,9%) e, xa no caso das que teñen empregados/as, as do tramo máis alto, a das entidades con máis de 10 persoas empregadas (62,8%). Nos demais tramos de traballadores/as, cabe destacar que as entidades con entre 1 e 5 persoas empregadas presentan porcentaxes de non solicitude de axuda no pasado ano na orde do 59-60%.

Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública

	Solicitouna e obtívoa	Solicitouna pero foille denegada	Non a solicitou	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	28,8	1,9	65,4	3,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	18,1	2,1	76,6	3,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	54,3	2,9	41,0	1,9
Audiovisual e actividades relacionadas	50,0	10,6	38,3	1,1
Artes visuais	22,4	2,0	75,5	0,0
Arquitectura, publicidade, deseño	28,8	3,8	65,4	1,9
Música	53,3	7,8	37,8	1,1
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	54,5	3,9	41,6	0,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	50,4	3,8	40,6	5,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	48,9	4,3	43,6	3,2
Educación cultural	67,6	1,4	29,7	1,4
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	87,1	4,8	4,8	3,2
Total	42,4	4,2	51,7	1,8
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	35,3	4,7	58,2	1,8
Profesional autónomo	25,1	2,9	72,0	0,0
Administración pública	68,3	2,7	25,1	3,9
Entidade sen ánimo de lucro	63,6	5,7	29,1	1,6
Total	42,4	4,2	51,7	1,8
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>				
Menos de 50.000 €	35,0	4,4	59,5	1,1
De 50.000 a 149.999 €	46,2	4,3	48,5	1,0
De 150.000 a 499.999 €	46,7	1,2	50,7	1,3
500.000 € ou máis	48,8	8,7	37,6	4,9
Ns/Nc	5,4	0,0	72,9	21,7
Total	42,4	4,2	51,7	1,8
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>				
Ningún, só persoal voluntario	53,9	4,4	36,1	5,6
1 ou 2 empregados/as	36,1	4,3	59,0	0,6

DOCUMENTOS DE TRABALLO

De 3 a 5 empregados/as	36,1	2,3	60,6	1,0
De 6 a 10 empregados/as	41,1	8,3	44,2	6,4
Máis de 10 empregados/as	62,8	4,0	31,2	2,0
Ns/Nc	82,3	0,0	12,8	4,9
Total	42,4	4,2	51,7	1,8

Fonte: Elaboración propia

No que respecta ás contías totais recibidas polas entidades que solicitaron e recibiron subvencións durante 2024, o 26,9% conseguiu menos de 3.000 euros; o 27,9% entre 3.000 e 10.000 euros, o 18% entre 10.001 e 30.000 euros e o 18,3% máis de 50.000 euros.

Ao considerar de forma agrupada os dous tramos máis baixos (ata 10.000 euros), e os dous máis elevados (máis de 30.000 euros), compróbase que, en ambos os dous casos, o valor máis alto da serie temporal iniciada polo *Barómetro* dende 2021 é o que se corresponde co ano 2024. Así, a porcentaxe das que solicitaron e recibiron menos de 10.000 euros en subvencións sitúase no 54,8%, fronte ao 50,9% de 2022. Así mesmo, a porcentaxe das entidades que lograron máis de 30.000 euros ascende do 18,8% en 2021 ata o 25,8% en 2024. Isto atopa a súa explicación na redución da cifra de entidades que solicitaron e recibiron contías do tramo intermedio, de 10.001 a 30.000 euros, porcentaxe en decrecemento continuo, dende o 21,1% do inicio da serie ata o 18% de 2024.

Evolución da porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas

	2021	2022	2023	2024
Menos de 3.000 €	20,2	23,1	24,6	26,9
De 3.000 a 10.000 €	32,4	27,8	27,5	27,9
De 10.001 a 30.000 €	21,1	20,9	20,6	18,0
De 30.001 a 50.000 €	4,9	7,4	7,7	7,5
Máis de 50.000 €	13,9	16,4	16,5	18,3
Ns/Nc	7,6	4,4	3,1	1,4

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que solicitaron e recibiron algunha subvención ao longo do ano recentemente rematado no momento de recollida dos datos

Para analizar os datos de forma segmentada volve atenderse, por unha parte, á porcentaxe agregada dos dous tramos máis baixos (ata 10.000 euros) e, por outra, á porcentaxe agregada dos dous máis elevados (máis de 30.000 euros). Constátase, en primeiro lugar, que a porcentaxe de entida-

des que conseguiron menos de 10.000 euros predomina en case toda a táboa de segmentación, salvo no segmento do audiovisual e no dos departamentos de cultura das administracións públicas. No caso do sector audiovisual, o 46,8% das entidades obtivo máis de 30.000 euros, superando ao 36,2% que recibiu menos de 10.000 euros. Pola súa parte, nos departamentos de cultura das administracións públicas, a diferenza tamén é significativa, cun 38,9% das entidades no tramo máis alto, 7,4 puntos por riba das que quedaron no máis baixo.

No cruzamento de facturación tamén se atopa unha excepción ao predominio das contías máis baixas nas subvencións solicitadas e conseguidas en 2024. O 53,2% das entidades cunha facturación ou orzamento igual ou superior aos 500.000 obtivo máis de 30.000 euros de subvencións, fronte ao 21,8% que recibiu ata 10.000 euros.

Aínda que, como xa se sinalou, as contías máis habituais son as inferiores aos 10.000 euros, ao atender con maior detalle os datos fornecidos por cada segmentación obsérvanse notables diferenzas neste tramo. Por actividade específica, os sectores nos que en maior medida se obtiveron menos de 10.000 euros de subvencións son os do comercio de libros (88,2%) e as artes gráficas (80%). Este dato contrasta co 31,5% dos departamentos de cultura, o 36,2% do segmento audiovisual e o 38,8% dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural.

Por tipo de entidade, a contía de axudas inferior aos 10.000 euros foi percibida polo 89,7% dos profesionais autónomos que solicitaron e recibiron axudas, valor que contrasta co 47,4% das administracións públicas e que non pasa do 53,5% nos dous segmentos restantes (empresas e entidades sen ánimo de lucro).

A análise por facturación pon de manifesto que a porcentaxe de entidades que obtiveron menos de 10.000 euros é menor canto maior é a capacidade económica, dende o 75,3% das que non chegan aos 50.000 euros de facturación ou orzamento ata o 21,8% das que acadan ou superan o medio millón.

Por último, as entidades que en 2024 percibiron axudas en contía por riba dos 30.000 euros son máis frecuentes canto maior é o volume de persoal da entidade: do 6,2% das que só teñen 1 ou 2 traballadores/as chégase

ao 36,8% das que teñen máis de 10. En calquera caso, en todos os segmentos deste cruzamento a percepción de axudas por debaixo de 10.000 euros en 2024 é a resposta maioritaria, mesmo nas entidades que só contan con persoal voluntario: o 54,8% destas entidades ás que se lle concederon axudas recibiron menos de 10.000 euros, fronte ao 25,8% das que percibiron máis de 30.000 euros.

Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas

	Menos de 3.000 €	De 3.000 a 10.000 €	De 10.001 a 30.000 €	De 30.001 a 50.000 €	Máis de 50.000 €	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	53,3	26,7	13,3	0,0	6,7	0,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	52,9	35,3	5,9	0,0	5,9	0,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	24,6	35,1	24,6	5,3	10,5	0,0
Audiovisual e actividades relacionadas	17,0	19,1	17,0	12,8	34,0	0,0
Artes visuais	27,3	36,4	27,3	0,0	9,1	0,0
Arquitectura, publicidade, deseño	53,3	26,7	6,7	6,7	6,7	0,0
Música	29,2	27,1	14,6	4,2	20,8	4,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	21,4	19,0	16,7	19,0	21,4	2,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	13,4	25,4	20,9	13,4	25,4	1,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	30,4	43,5	8,7	2,2	6,5	8,7
Educación cultural	22,0	30,0	18,0	4,0	22,0	4,0
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	11,1	20,4	29,6	16,7	22,2	0,0
Total	26,9	27,9	18,0	7,5	18,3	1,4
<i>Tipo de entidade</i>						
Empresa	27,9	25,6	19,0	8,0	19,5	0,0
Profesional autónomo	64,7	25,0	4,7	1,0	4,7	0,0
Administración pública	19,0	28,3	19,3	6,9	22,6	3,9
Entidade sen ánimo de lucro	14,6	34,6	21,2	10,7	16,9	2,1
Total	26,9	27,9	18,0	7,5	18,3	1,4
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>						
Menos de 50.000 €	39,3	36,1	14,3	3,6	3,5	3,2
De 50.000 a 149.999 €	24,4	34,3	17,5	5,6	16,6	1,5
De 150.000 a 499.999 €	23,5	22,9	18,7	9,1	25,8	0,0
500.000 € ou máis	13,2	8,6	25,0	15,8	37,4	0,0
Ns/Nc	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	26,9	27,9	18,0	7,5	18,3	1,4
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>						
Ningún, só persoal voluntario	17,3	43,2	31,1	2,2	4,0	2,2
1 ou 2 empregados/as	38,3	29,1	14	6,5	11,1	1,0
De 3 a 5 empregados/as	24,6	22,4	23,3	8,9	19,5	1,4

De 6 a 10 empregados/as	23,1	28	14,4	7,7	23,7	3,0
Máis de 10 empregados/as	17,2	28,7	16	8,5	28,3	1,3
Ns/Nc	0	9,9	70,4	9,9	9,9	0,0
Total	26,9	27,9	18	7,5	18,3	1,4


Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que solicitaron e recibiron algunha subvención ao longo de 2024

6. Internacionalización

O 43% da mostra afirma que dispón de produción para público internacional nalgũa medida, aínda que só para unha parte moi pequena é o seu mercado principal. Así, na presente edición do *Barómetro*, un terzo das entidades enquisadas afirma que entre o 1% e o 24% da súa produción está destinada ao mercado internacional ou consumida por público foráneo. Esta porcentaxe cae ata o 4,3% de entidades no tramo que vai do 25% ao 49% de produción destinada para o ámbito internacional o 3,6% de entidades sitúase no tramo do 50 ao 74%, o 1,3% no de 75% ao 99% e, finalmente, só un 1% de entidades afirma que ten toda a súa produción destinada ao mercado internacional.

Evolución da porcentaxe de entidades cuxa actividade foi consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)



Fonte: Elaboración propia

Evolución da porcentaxe de entidades segundo o índice de actividade consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional) (tramos e media)

	2021	2022	2023	2024
<i>Media</i>	10,55	11,34	8,35	8,94
<i>Tramos</i>				
0%	32,8	26,8	44,4	47,2
Do 1% ao 24%	15,6	25,3	30,7	32,8
Do 25% ao 49%	3,5	3,9	4,6	4,3
Do 50% ao 74%	2,9	3,7	3,2	3,6
Do 75% ao 99%	0,9	1,2	1,0	1,3
100%	1,0	0,6	0,5	1,0
Ns/Nc	43,4	38,5	15,5	9,9

Fonte: Elaboración propia

Cando se atende á evolución deste indicador ao longo dos distintos barómetros, percíbese un incremento tanto na porcentaxe de entidades cunha parte da súa actividade consumida polo mercado internacional (dende o 23,9% do 2021 ata o 43% actual –se ben cabe apuntar que o incremento se concentra no tramo máis baixo da escala–) como na porcentaxe daquelas que afirman que nada da súa actividade é consumida por este mercado. A explicación a esta aparente contradición atópase na redución da non resposta a esta cuestión, que pasou do 43,4% ao 9,9%⁴.

A media estatística da porcentaxe de produción dedicada ao mercado internacional presenta en 2024 un lixeiro aumento en relación a 2023 (do 8,35% en 2023 ao 8,94% en 2024), se ben segue a situarse por debaixo do colleitado nos dous anos xacobeos da serie temporal: 10,55% en 2021 e o 11,34% en 2022. As vindeiras edicións do *Barómetro* permitirán seguir avaliando as diferenzas que os anos santos composteláns poden supor na maior ou menor presenza de público internacional no mercado cultural galego.

⁴ Esta redución tan importante pode deberse a que o *Barómetro* é un estudo de tipo panel. O mantemento dunha mostra estable fai que o cuestionario empregado sexa coñecido e estimula a responder telefonicamente en lugar de solicitar o cuestionario para logo cubri-lo. A cobertura por medio de enquisador/a tende a reducir a non resposta en determinadas variables, como é este caso, pois a persoa entrevistada conta cunha axuda para concretar mellor a súa resposta, motivo polo que se evita o recurso de deixar preguntas sen responder.

A análise segmentada dos tramos porcentuais de público estranxeiro pon de manifesto que os ámbitos do audiovisual e da edición de libros son os que, en maior medida, logran penetrar nos mercados internacionais. A porcentaxe das dúas entidades, nas que o internacional supón a metade ou máis do total do seu mercado, supera o 10%, en claro contraste con valores por debaixo do 2% no caso das entidades dedicadas ás artes gráficas, ao comercio de libros, á arquitectura, publicidade ou deseño, á educación cultural e nos departamentos de cultura das actividades das administracións públicas.

Porcentaxe da actividade das entidades consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional) (tramos)

	0%	Do 1% ao 24%	Do 25% ao 49%	Do 50% ao 74%	Do 75% ao 99%	100%	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>							
Artes gráficas e actividades relacionadas	57,7	30,8	0,0	0,0	1,9	0,0	9,6
Comercio de libros e publicacións periódicas	59,6	29,8	0,0	1,1	0,0	0,0	9,6
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	30,5	37,1	6,7	9,5	1,9	1,9	12,4
Audiovisual e actividades relacionadas	27,7	38,3	4,3	8,5	4,3	5,3	11,7
Artes visuais	49,0	24,5	8,2	4,1	2,0	0,0	12,2
Arquitectura, publicidade, deseño	71,2	23,1	0,0	0,0	0,0	0,0	5,8
Música	42,2	43,3	5,6	4,4	0,0	0,0	4,4
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	44,2	32,5	6,5	3,9	0,0	0,0	13,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	20,3	58,6	9,0	6,8	0,8	0,0	4,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	50,0	25,5	6,4	1,1	1,1	0,0	16,0
Educación cultural	52,7	36,5	5,4	0,0	0,0	0,0	5,4
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	40,3	37,1	1,6	0,0	0,0	0,0	21,0
Total	47,2	32,8	4,3	3,6	1,3	1,0	9,9
<i>Tipo de entidade</i>							
Empresa	50,5	31,2	2,4	3,4	1,1	1,5	10,0
Profesional autónomo	43,2	30,8	5,7	6,6	2,0	1,1	10,6
Administración pública	42,5	38,7	6,3	0,9	0,0	0,0	11,6
Entidade sen ánimo de lucro	44,1	34,9	7,9	4,2	3,1	0,0	5,7
Total	47,2	32,8	4,3	3,6	1,3	1,0	9,9

Fonte: Elaboración propia

Consecuentemente coa análise por tramos porcentuais, cando se analizan as porcentaxes medias, o cruzamento por actividade específica volve evidenciar unha maior presenza do mercado internacional entre as entidades dedicadas ao audiovisual e actividades relacionadas ou á edición de libros,

publicacións periódicas e actividades. Neste caso, destacan tamén as medias achegadas polos segmentos dos museos e actividades relacionadas (13,78%) e as artes visuais (10,30%). Tamén se observa unha menor presenza no mercado internacional das entidades dedicadas á arquitectura, publicidade ou deseño (1,31%), ao comercio de libros (2,27%) e ás artes gráficas (3,40%), así como nos departamentos de cultura das administracións (4,02%).

Na análise por tipo de entidade volve destacar a importancia do mercado internacional no caso dos profesionais autónomos, un colectivo diverso en canto ás súas actividades (profesionais da tradución, da ilustración...), pero no que o mercado internacional supón o 12,9% da súa produción. Fronte a este colectivo, os tres tipos de entidades restantes teñen valores que non acadan o 7,5%. Destaca a importancia dese público internacional para as entidades sen ánimo de lucro (11,33%).

Porcentaxe media aproximada da actividade das entidades consumida ou empregada por clientes ou usuarios estranxeiros (mercado internacional)


	Media
<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,40
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,27
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	15,26
Audiovisual e actividades relacionadas	20,46
Artes visuais	10,30
Arquitectura, publicidade, deseño	1,31
Música	8,60
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	8,48
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	13,78
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	6,87
Educación cultural	5,80
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	4,02
Total	8,94
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	7,70
Profesional autónomo	12,9
Administración pública	6,97
Entidade sen ánimo de lucro	11,33
Total	8,94

Fonte: Elaboración propia

En canto ás medidas para incrementar a presenza no estranxeiro, o 24,3% das empresas e entidades do sector cultural galego realizou durante 2024

algunha acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda fóra de España, é dicir, no mercado internacional. Esta porcentaxe supera en 1 punto á rexistrada con respecto a 2023, pero fica aínda a 1,2 do valor máis alto da serie temporal, o 25,5% de 2022.

Evolución da porcentaxe de entidades que realizaron algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda fóra de España (mercado internacional)



Fonte: Elaboración propia

As entidades do audiovisual foron as que, en maior medida, afirmaron que realizarán algunha acción para incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional (46,8%). Presentan tamén porcentaxes por riba do 30% as dedicadas á edición de libros e publicacións periódicas (38,1%), os museos e entidades dedicadas ao patrimonio cultural (36,1%), as dedicadas ao teatro, danza e outros espectáculos escénicos (33,8%), á música (33,8%) e á educación cultural (32,4%). As porcentaxes máis baixas de resposta afirmativa a esta cuestión, con valores por debaixo mesmo do 10%, correspóndense coas entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (3,2%) e á arquitectura, publicidade ou deseño (5,8%), así como ás bibliotecas e arquivos (7,4%).

Por volume de persoal, destacan claramente neste tipo de acción de internacionalización as entidades con máis de 10 empregados/as, cun 35,3%, fronte a valores ao redor do 21% das que se sitúan nos outros tres tramos. A pesar de todo, as entidades que acadan a maior porcentaxe de internacionalización son as que só contan con persoal voluntario (37,9%).



Porcentaxe de entidades que realizaron algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda fóra de España (mercado internacional)

<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	19,2
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	38,1
Audiovisual e actividades relacionadas	46,8
Artes visuais	20,4
Arquitectura, publicidade, deseño	5,8
Música	33,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	33,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	36,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	7,4
Educación cultural	32,4
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	11,3
Total	24,3
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	20,3
Profesional autónomo	27,5
Administración pública	27,2
Entidade sen ánimo de lucro	33,8
Total	24,3
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>	
Ningún, só persoal voluntario	37,9
1 ou 2 empregados/as	21,5
De 3 a 5 empregados/as	21,7
De 6 a 10 empregados/as	20,9
Máis de 10 empregados/as	35,3
Ns/Nc	0,0
Total	24,3

Fonte: Elaboración propia

7. O papel das administracións públicas

O papel das administracións públicas no sector cultural foi abordado mediante a valoración do apoio brindado por cada nivel administrativo, nunha escala do 0 ao 10. As medias resultantes outorgan puntuacións en posición de “suspense” aos tres niveis: a Administración do Estado recibe unha puntuación de 3,21 puntos a autonómica alcanza os 4,28, e a local (concellos e deputacións provinciais) recibe 4,54, polo que é a máis elevada

das tres. Isto indica que, en xeral, o sector cultural considerou claramente mellorable o apoio prestado polas institucións.

Con estes valores, a puntuación media outorgada ao apoio da Administración estatal racha coa tendencia crecente que se viña constando dende 2021 (do 3,21 de 2021 ao 3,78 de 2023) para volver en 2024 ao mesmo valor co que se iniciaba a serie. Pola súa parte, a Administración autonómica experimenta unha redución de puntuacións (dos 4,74 puntos de 2021 aos 4,28 de 2024). A Administración local, en cambio, aínda que amosa unhas valoracións máis estables ao longo da serie temporal, acada en 2024 o seu valor máis alto (4,54), unha puntuación na orde dos 4,5 que obtivo tamén en 2021 e 2023.

Valoración do apoio prestado aos sectores culturais pola Administración estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala 0-10)

	2021	2022	2023	2024
Nivel estatal	3,21	3,42	3,78	3,21
Nivel autonómico	4,74	4,67	4,55	4,28
Nivel local (concellos e deputacións)	4,50	4,41	4,51	4,54

Fonte: Elaboración propia

O apoio da Administración estatal sitúase por debaixo dos 4 puntos en todos os segmentos da análise por actividade específica. Así e todo, logra os valores menos baixos por parte das entidades do audiovisual (3,91), as bibliotecas e arquivos (3,66) e as entidades dedicadas á educación cultural ou ao teatro, danza e outros espectáculos audiovisuais (3,51 en ambos os dous casos), mentres que se sitúa por debaixo dos 3 puntos nos segmentos da música (2,18), as artes gráficas e a edición de libros (valores ao redor de 2,5 puntos) e o comercio de libros e publicacións periódicas (2,75). Por tipo de entidade, as administracións públicas son o segmento que mellor valora o apoio da Administración estatal (3,77), mentres que o segmento con peor consideración do apoio estatal correspóndese coas entidades sen ánimo de lucro, cunha puntuación inferior a 3 (2,88). Por outra parte, a puntuación ao apoio do Estado é máis elevada canto maior é o nivel económico da entidade: dos 2,92 puntos das que non chegan aos 50.000 euros aos 3,43 das que acadan ou superan o medio millón. Aínda que é un cruzamento sen significación estatística, pódese apuntar que as puntuacións do apoio estatal son maiores canto maior é o número de traballado-

.....

res/as da entidade, cunha variación que vai dende os 1,95 puntos das entidades con só persoal voluntario ata os 3,45 puntos das que teñen máis de 10 traballadores/as.

O apoio da Administración autonómica logra o aprobado das entidades dedicadas ao audiovisual (5 sobre 10), das bibliotecas e arquivos (5,35) e dos departamentos de cultura das administracións da mostra, que son maioritariamente do eido local (5,88). Non obstante, sitúase por debaixo dos 4 puntos entre os segmentos das artes gráficas, da edición de libros e publicacións periódicas, das artes visuais e da música, con entre 3,25 e 3,69 puntos. A puntuación obtida é maior canto maior é tamén o nivel de facturación ou orzamento: dos 3,76 puntos do tramo máis baixo aos 5,47 do máis alto. Por último, en canto ao volume de persoal, o apoio da Administración autonómica recibe mellor valoración entre as entidades con máis de 10 empregados/as (4,95), en contraste coa valoración das entidades con só persoal voluntario (3,56) ou valores na orde do 4 entre as que teñen entre 1 e 5 persoas empregadas

As puntuacións do apoio brindado polos órganos da Administración local logran o seu valor máis alto da man das entidades da educación cultural (8,39), se ben tamén destacan as proporcionadas por segmentos nos que predominan as propias administracións locais. É o caso dos departamentos de cultura (7,08), os museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (6,13) e as bibliotecas e arquivos (5,32). Nos demais segmentos do cruzamento por actividade específica, o apoio dos entes locais só colleita cifras por debaixo do 5. Como ocorría co apoio da Administración autonómica, unha vez máis a mellor puntuación por volume de persoal é a que achegan as entidades con máis de 10 traballadores/as (6,53), fronte a valores por debaixo do 4 das entidades con entre 1 e 5 persoas empregadas.

A análise por tipo de entidade revela que, no apoio dos tres niveis administrativos, as mellores puntuacións medias son as concedidas polas propias administracións públicas presentes na mostra (cómpre lembrar que son tamén Administración pública o 16,2% das unidades de mostra desta edición do *Barómetro*).

O apoio da Administración estatal atopa a súa valoración máis baixa entre as entidades sen ánimo de lucro, mentres que os profesionais autónomos outórganlles tanto á Administración autonómica como á local as puntuacións máis baixas con respecto ao resto de tipos de entidades.

Finalmente, as administracións locais son tamén ben valoradas polas entidades sen ánimo de lucro (6,42). Cómpre sinalar que moitas destas asociacións culturais contan con apoio municipal para poder desenvolver o seu labor.

Valoración media do apoio prestado aos sectores culturais polas administracións estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala 0-10)

	Nivel estatal	Nivel autonómico	Nivel local
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,47	3,25	3,04
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,75	4,09	3,59
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,50	3,56	3,64
Audiovisual e actividades relacionadas	3,91	5,00	4,44
Artes visuais	3,05	3,28	3,30
Arquitectura, publicidade, deseño	3,52	4,35	3,55
Música	2,18	3,69	4,93
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,51	4,41	4,64
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,12	4,86	6,13
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,66	5,35	5,32
Educación cultural	3,51	4,85	8,39
Departamentos de cultura e actividades relacionadas	3,27	5,88	7,08
Total	3,21	4,28	4,54
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresa	3,14	4,17	3,73
Profesional autónomo	3,16	3,45	3,19
Administración pública	3,77	5,46	7,33
Entidade sen ánimo de lucro	2,88	4,38	6,42
Total	3,21	4,28	4,54
<i>Facturación/Orzamento en 2024</i>			
Menos de 50.000 €	2,92	3,76	4,42
De 50.000 a 149.999 €	3,35	4,29	4,71
De 150.000 a 499.999 €	3,37	4,45	4,45
500.000 € ou máis	3,43	5,47	4,62
Ns/Nc	3,24	2,35	5,24
Total	3,21	4,28	4,54
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2024</i>			
Ningún, só persoal voluntario	1,95	3,56	5,42
1 ou 2 empregados/as	3,18	4,08	3,98
De 3 a 5 empregados/as	3,19	4,00	3,83



De 6 a 10 empregados/as	3,36	4,80	4,86
Máis de 10 empregados/as	3,45	4,95	6,53
Ns/Nc	3,40	5,48	5,53
Total	3,21	4,28	4,54

Fonte: Elaboración propia

Conclusións

2024 foi un ano de crecemento moderado para a cultura galega, o 39% das entidades que a compoñen considera que foi igual que o anterior, mentres que o 37% afirma que tivo unha evolución mellor ou moito mellor que a experimentada en 2023. Pola contra, un 21,9% das entidades enquisadas afirma que a evolución foi peor ou moito peor. A pesar dun contexto xeral positivo, 2024 rexistra valores inferiores aos anos da recuperación de 2021 e 2022, que foron de crecemento importante. As entidades da cultura prevén que 2025 siga a senda da estabilidade.

Os museos e as actividades relacionadas co patrimonio, educación cultural, arquitectura, publicidade e deseño e os departamentos de cultura das distintas administracións tiveron un ano claramente mellor que o anterior.

Atópanse por enriba da media as artes gráficas, as bibliotecas e arquivos, a música e o audiovisual. Por debaixo da media, pero aínda nun plano positivo, sitúase o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas e a edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas.

Hai dúas actividades que se sitúan no plano negativo, con datos peores que en 2023: as artes visuais (pintura, escultura, fotografía...) e as actividades de comercio de libros e publicacións periódicas que acumulan un par de exercicios en declive.

As expectativas para 2025 tamén son moderadas, cun 41,1% que cre que será igual que 2024. Con todo, son moitas máis as entidades que esperan un ano mellor ou moito mellor (39,7%) que aquelas que agardan que sexa peor ou moito peor (16,8%). Esta visión lixeiramente optimista de 2025 é algo menor que a expectativa vista en barómetros anteriores. Aquelas entidades que xa tiveron un 2024 satisfactorio tenden a esperar un ano

mellor. Cómpre destacar o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas polas boas expectativas que teñen para 2025, en contraste co crecemento moderado que viviron o ano pasado.

Gran parte do impulso vivido en 2024 e o que se agarda para 2025 ten que ver co bo comportamento do sector público e das entidades sen ánimo de lucro, que parecen beneficiarse máis que os profesionais autónomos e as empresas. Tamén, como resulta esperable, tenden a desenvolverse mellor e a ter mellores expectativas as entidades máis grandes fronte ás pequenas, tanto en termos de emprego como de ingresos.

A evolución pasada e prevista ten que ver en parte con que os ingresos subiron para o 37% da mostra e permaneceron estables para un 35,3%. Son aínda máis as entidades que esperan un escenario sen cambios para 2025 (45,7%). En relación con isto, a produción e a demanda de produtos e servizos culturais aumentou levemente e a predición é igualmente de estabilidade.

Como dato negativo, 8 de cada 10 entidades experimentaron algún crecemento dos prezos das materias e servizos que precisan. Con todo, as previsións indican que os custos se van moderando e non crecen tanto como en anos anteriores. Pese a estas alzas, a maioría trata de manter os prezos dos produtos ou servizos que ofrece. Destacan os incrementos de prezos no comercio do libro e publicacións periódicas, o cal pode explicar en parte as dificultades ás que se enfrontan.

O emprego amosa tamén estabilidade, con tres cuartas partes da mostra sen cambios. O leve crecemento do conxunto débese a que son máis as entidades que incrementaron o cadro de persoal en 2024 (12,8%) que as que se viron abocadas a reduci-lo (9,9%). Parte do incremento da forza laboral provén, neste caso, tamén do sector público. As expectativas para 2025 son similares, maioritariamente de estabilidade e unha porcentaxe pequena con aumento de emprego.

Cómpre tamén destacar o incremento dos custos laborais, que subiron en 2024 e se espera que sigan subindo. Así mesmo, a dificultade para atopar profesionais vai en aumento nos últimos anos. As actividades con maiores dificultades para cubrir vacantes son as artes gráficas, a arquitectura, publicidade e deseño e a música.

.....

O 61,2% das entidades que compoñen a mostra realizou algún investimento ao longo de 2024, (5,5 puntos máis que en 2023), o que apunta a unha tendencia crecente nos últimos anos.

A porcentaxe de entidades que recibiron algunha axuda pública situouse no 42,4%. Pese a que se trata dunha cifra relativamente alta, a tendencia é que cada vez menos entidades solicitan subvencións. Nesta última edición do *Barómetro* xa son maioría as entidades culturais que non iniciaron trámites para solicitar axudas.

O 43% das entidades enquisadas ofrece os seus servizos nalgunha medida para o público internacional, pero só para unha moi pequena parte da mostra é o seu mercado principal. De media, a produción orientada ao exterior subiu do 8,35% en 2023 ao 8,94% en 2024. O impulso da exportación débese, en parte, ao bo comportamento do audiovisual e da edición de libros, e tamén polo labor dunha parte dos profesionais autónomos cunha actividade claramente orientada cara ao exterior das nosas fronteiras. Ademais, case unha cuarta parte realizou algunha acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda fóra de España, un punto máis que en 2023.

En canto ao labor das administracións na súa relación coa cultura, todas reciben puntuacións por debaixo de 5 sobre 10, e non se aprecian grandes cambios nesta edición. Tanto a Administración estatal como a autonómica baixan un pouco na súa valoración con respecto ao ano pasado, mentres que a local experimenta unha mellora mínima.